

---

## Axenda 21

Publicado por derelicto - 17-12-E 11:26:09

---

Ola.

Interesaríame saber qué concellos están a aplicar a Axenda 21 actualmente.

Gracias

---

## Re: Axenda 21

Publicado por Pinto - 17-12-E 12:46:42

---

A Axenda21 utilizado para realizar o PXOM coido que non hai ningún concello en Galicia nin en España que o fixera. Concellos que redactaran a axenda21 local , que eu saiba o concello de Ames e o de Allariz.

---

## Re: Axenda 21

Publicado por Homo sapiens minhorensis - 17-12-E 18:52:33

---

En realidade a Axenda 21 lévase elaborado en moitos concellos de Galicia. En tón, poderíamos pensar, ¿por qué enton non se ven os resultados? ou é que a Axenda 21 non é o que parece?

Ben a Axenda 21 Local (A21L) ten un problema, e é o nivel de implicación das corporacións locais. Na meirande parte dos Concellos nos que se elaborou o problema é que o proceso da A21L é defendido só por uns grupos políticos en particular, xeralmente de esquerdas, todo sea dito de paso. CAndo se producen os cambios de Goberno nas corporacións os documentos da A21L acaban nunha estantería collendo pó. En Nigrán xa temos unha experiencia deste tipo, o foro de Medio Ambiente que puxo en marcha o goberno socialista e que funcionou tan ben, ó producirse o cambio de goberno, foi absolutamente dinamitado.

Este é o reto principal, lograr que todos os grupos políticos aposten por este tipo de estratexias sostibles para o futuro. Precisamente as A21L fracasan pola súa escasa penetrancia na rede municipal. O proceso é moi bo os resultados son moi bos. A orixinalidade do proceso de implantación da A21L no Concello de Nigrán é a vinculación das conclusións que se acadan a outros ámbitos do desenvolvemento do Concello. E como non pode ser doutro xeito o PXOM debe, sen dúbida incorporar os criterios de sostibilidade definidos ó abeiro da A21L. O ordenamento urbanístico non pode rexerse por criterios de sostibilidade distintos dos da A21L. Ademáis dende que a Xunta cumpre coa normativa europea de 2006 de someter todos os plans a un estudio de impacto ambiental, o PXOM debe constituirse como un documento que garanta un progreso sostible no eido Ambiental, económico e social dos Concellos.

XA se logrou un importante consenso ó votar por unanimidade a creación dun Concello dun Consello Sectorial que se encargará de realizar as tarefas propias da definición e concreción das estratéxias de sostibilidade.

Agora o éxito do proceso depende do grao de implicación de todos os cidadáns.

---

## Re: Axenda 21

Publicado por H. sapiens miñoensis - 19-12-E 10:49:37

---

Se queredes saber en qué concellos de Galicia se ten traballado na Axenda 21 Local, consultade este enlace da Dirección Xeral de Desenvolvemento sostible:

<http://medioambiente.xunta.es/axenda21.jsp>

---

## Re: Axenda 21

Publicado por Sempre Xonxa - 06-02-E 14:19:20

---

No que respecta á Axenda 21, vaia por diante que me parece unha iniciativa moi louvable por parte do Concello de Nigrán, mais iso non quer dicir que sexa preciso esaxerar a realidade. É posible que sexa verdade que é o único

---

municipio da Galiza en redactar o PXOM e a Axenda 21 simultaneamente, pero iso implicaría que o Goberno municipal de Curtis está a mentir (ou eu non entendo ben o alcance de cadansúa afirmación, que tampouco é descartable). En calquera caso, recomendo ler o seguinte enlace:

[http://www.lavozdegalicia.es/coruna/2007/09/25/0003\\_6172310.htm](http://www.lavozdegalicia.es/coruna/2007/09/25/0003_6172310.htm)

En calquera caso, esta é unha discusión totalmente baleira de virtualidade práctica. O importante é que se fagan a Axenda 21 e o PXOM, e que se fagan ben.

Salvo mellor opinión.

=====